



## A situación da actividade acuícola, a debate en Rianxo

M.m. | Arousa | 01.06.2014 | 01:43

Asínaa Horizonte 2030 anuncia para os días 13 e 14 o primeiro foro de debate sobre a situación da actividade acuícola en Galicia. É unha proposta que vai desenvolverse no Auditorio Municipal de Rianxo, municipio arousán considerado un dos motores da acuicultura galega.

A cita pode espertar o interese de numerosos cidadáns arousáns, tanto da comarca coruñesa de Barbanza como do Salnés. Está organizado pola asociación de produtores mexilloneiros "Rianxeira" e o Grupo de Acción Costeira, ademais de contar co respaldo da Xunta de Galicia. Os interesados poden obter máis información e realizar as inscricóns a través do número 633 335 463.